

**PROGRAMACIÓN DOCENTE**  
**INTRODUCCIÓN Á FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA**  
 curso 2019-20

**ESQUEMA XERAL**

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

**I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.**

Nome da materia	INTRODUCCIÓN Á FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA
Código	181010V01602
Curso	2º
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	320
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	2º
Lingua na que impartirá a materia (galego/castelán)	galego

**I.1. Profesora/Profesor:**

Profesor/a	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Antón Lois Fernández Álvarez	A=3	Martes 16,30-18,30	Despacho 2, Pavillón II	galego

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

**I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:**

**Teóricos:** linguaxe filosófico básico.

**Prácticos:**

**Observacións:**

**II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO**

- A materia proporciona coñecementos fundamentais sobre a historia do pensamento e das ideas e doutrinas filosóficas contemporáneas no contexto dunha cultura xeral básica.

### III.- OBXECTIVOS XERAIS

Esta materia formula unha viaxe pola historia do pensamento deténdose fundamentalmente nos séculos XIX e XX, como precedentes inmediatos da configuración do pensamento actual, co fin de coñecer as claves conceptuais que nos permitan entender o noso tempo. Presentar os principais problemas da filosofía actual para poder afrontar os retos do século XXI. Promover a análise crítica co obxectivo de atopar novos horizontes e novas interpretacións da identidade humana.

### IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Esperase dos alumnos que:

- Consigan entender as categorías filosóficas básicas así como as correntes de pensamento máis determinantes da contemporaneidade.
- Así mesmo, que obteñan capacidade reflexiva e de tolerancia fronte ás ideas heteróxeas ou esquemas de pensamento alleos.

### V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	28				28	
Prácticas						
Viaxe de estudos						
Probas de avaliación	2				2	
Total						

### VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

#### Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Historia da filosofía precontemporánea. Nacemento da filosofía. Pensamento grego: Presocráticos, Platón e Aristóteles. Filosofía Medieval: Santo Tomás de Aquino. Filosofía Moderna: Humanismo, Descartes, Hobbes, Locke e Hume.	6
2	Contexto histórico-político da idade contemporánea	3
3	Historia da filosofía contemporánea I. O idealismo alemán: Immanuel Kant. O materialismo: Karl Marx. O vitalismo: Nietzsche e Ortega y Gasset.	7

4	Historia da filosofía contemporánea II: o século XX.. A Filosofía Analítica: Wittgenstein. O existencialismo contemporáneo: J.P. Sartre.	7
5	A filosofía na actualidade. A felicidade: Comte-Sponville, Sábada e Punset. O materialismo filosófico: Gustavo Bueno. A conciencia da morte. Ética e moral.	7

**Programa práctico (se o houbera)**

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1		
2		

**Viaxes de estudo (se as houbera)**

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1		

**Bibliografía básica**

CATHCART, T. e KLEIN, D, *Platón y un ornitorrinco entran en un bar*, 6ª edición, Planeta, Barcelona, 2006.

COMTE-SPONVILLE, A., *Invitación a la Filosofía*, Paidós, Barcelona, 1999.

COMTE-SPONVILLE, A., *La felicidad, desesperadamente*, Paidós, Barcelona, 2001.

GAARDER, J., *El mundo de Sofía*, Siruela, Madrid, 1994.

GÜELL BARCELÓ e MUÑOZ REDÓN, *Solo sé que no sé nada. Breve historia del pensamiento en treinta frases célebres*, 6ª edición Ariel, Barcelona, 2006.

SAVATER, F., *Las preguntas de la vida*, 8ª edición, Ariel, Barcelona, 2002.

WITTGENSTEIN, *Tractatus lógico-philosophicus*, Tecnos, Madrid, 2002.

**VII.- METODOLOXÍA DOCENTE**

**Clases**

Serán presenciais nas que o profesor explicará, apoiándose en medios técnicos como o ordenador (para facilitar a comprensión do alumno), as ideas principais do programa fomentando a participación do alumnado con preguntas directas sobre o temario e a actualidade.

Así mesmo, proxectaranse un ou varios filmes que teñan relación directa co temario e faranse na aula varios exercicios de lectura, reflexión e debate para inducir á reflexión persoal e colectiva.

**Prácticas (se procede)**

**Viaxes de estudo (se procede)**

### **VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE**

- -Asistencia ás clases: 40 %
- -Participación nas clases: 20 %
- -Avaliación continua: 40 %

### **IX.- OBSERVACIÓNS**